

Pérez Herraiz pregunta ao Goberno polas previsións da Confederación Hidrográfica para arranxar a presa do *Muíño dos Pasos*

A deputada leva este asunto ao Congreso a petición dos socialistas de Vilalba e como consecuencia da inoperancia do alcalde. O rexedor aínda non respostou ao escrito enviado hai meses polo Grupo do PSOE, no que alertaban do risco que supón para os viandantes o estado actual da estrutura

“Trátase dunha medida preventiva”, subliña. A presa sufriu un derrubamento parcial a consecuencia do “boquete” que, por causas naturais, se abriu no lugar coñecido como *A Insua* hai un par de anos, no azud do río Madalena

VILALBA, 20 DE FEBREIRO DE 2015.- A deputada no Congreso –Margarita Pérez Herraiz-, a petición dos socialistas de Vilalba, interperla ao Goberno sobre o coñecemento e as previsións da Confederación Hidrográfica para arranxar o derrubamento da estrutura da presa do rairo do muíño dos Pasos, a consecuencia do “boquete” que, por causas naturais, se abriu no lugar coñecido como *A Insua* hai un par de anos, no azud do río Madalena. Así o anunciou este venres, acompañada da candidata á alcaldía –Elba Veleiro- e do voceiro do PSOE neste municipio –Eduardo Vidal Baamonde-.

A este respecto, a socialista demanda ao Executivo que o organismo estatal busque unha solución que permita atallar o problema, pois coas choivas a forza da auga que escapa pola parte derrubada abriu un socavón no comezo desta zona, converténdose nun grande problema para o correcto mantemento da estrutura do paseo fluvial.

“Trátase dunha medida preventiva. A Confederación Hidrográfica debe actuar, xa que non queremos lamentar que se produza un mal maior. Hai que pensar que este socavón está localizado no paseo dun río polo que a diario camiñan ducias de cidadáns. Esta non é unha cuestión menor. Está en xogo a seguridade das persoas. Por iso, cremos que o Goberno ten que tomar conciencia do asunto”, insiste.

Actuacións do grupo municipal

Pérez Herraiz dá resposta así á petición do grupo municipal do PSOE, agardando que o Executivo Central solucione o problema e non se desvincule do mesmo como fixo o Goberno local. Proba delo é que os socialistas vilalbeses aínda non recibiron resposta ao escrito enviado ao alcalde hai meses, no que alertaban do risco que supón para os viandantes o estado actual da estrutura.